Para iso, e en primeiro lugar, é necesario precisar que é a Teoría da Educación, que lonxe de referirse exclusivamente a cuestións teóricas sobre a educación, e polo tanto afastadas das realidades educativas, incide, sen embargo, en todos os aspectos propios da práctica educativa. Polo tanto, a Teoría da Educación significa coñecer para facer, saber para logo aplicar mellor as innovacións educativas e, en definitiva, para mellorar a calidade da educación.

De seguido, é obrigado determinar que entendemos por educación, xa que ao ser un termo de uso habitual na vida cotiá, porque a todas as persoas lles afecta de algún xeito, todo o mundo se atrevería a dar unha definición de educación.

Ademais, existen moitos conceptos afíns á educación como formación, ensinanza, aprendizaxe, instrucción, capacitación, que se empregan en moitas ocasións como termos similares e que deben diferenciarse para a súa correcta utilización.

Asimesmo, a educación non se pode reducir soamente a aquela que é impartida na escola -Educación Formal-, xa que as persoas se educan máis aló dela e os influxos que se reciben a partires doutros medios son tanto igual ou máis potentes que os que proceden da escola e mesmo interfiren na súa acción.

Polo tanto, se fai necesario traballar os conceptos de Educación non Formal, definida como o conxunto de procesos, medios e institucións específicas, e diferenciadamente deseñados en función de explícitos obxectivos de formación, que non están directamente dirixidos á provisión dos graos propios do sistema educativo regrado; e de Educación Informal, que se refire a aqueles procesos educativos que se producen indiferenciados doutros procesos sociais, que non foron institucionalizados nin sistematizados, e que se dan no curso ordinario da vida.

Un dos factores que influíu na crecente importancia que se lle outorgou tanto á Educación Non Formal como á Educación Informal foi o cambio nos valores defendidos pola sociedade; e, da defensa da virilidade ou da guerra, passuse á defensa da paz ou da tolerancia, valores nos que ata agora non educaba a escola e que a partires da transversalidade, como propoñía a LOGSE, e da inclusión da Educación en Valores da LOE, sí serían incluídos nos seus contidos.

Tendo en conta que a saída profesional deste curso de posgrao é a de ser docente en Educación Secundaria, un bloque de contido se centra exclusivamente no sistema educativo, co fin de introducir ó alumnado no universo da educación, prestando especial atención ós elementos que integran o sistema a as súas funcións en relación coa acción educativa. En consecuencia, se considerarán os axentes socioeducativos e as súas responsabilidades, pero tamén se prestará especial atención a algunhas institucións fundamentais como o Estado ou as Comunidades Autónomas, en tanto responsables da normativa educativa e da redacción e desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006 (LOE) e da actual Lei Orgánica 8/2013 (LOMCE).

Competencias

Código

- | | |
|------|---|
| CG7 | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable. |
| CG9 | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos |
| CG13 | Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino |
| CG14 | Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época. |
| CE3 | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| CE6 | Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. |
| CE8 | Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. |
| CE9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| CE29 | Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente. |
| CE30 | Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia. |

CT1 Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.

CT3 Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
|--|---|
| 1. Deseña e desenvolve espazos de aprendizaxe con especial atención á equidade, educación emocional e en valores, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto dos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sostible. | CG7 CG9 CG13 CE3 CE8 CE9 CE29 CE30 CT1 CT3 |
| 2. Coñece e valora o rol dos axentes socioeducativos (non formais e informais) nos procesos educativos formais propios das ensinanzas de secundaria. | CG7 CE9 CE30 CT3 |
| 3. Coñece a normativa legal e a organización institucional do sistema educativo español, a súa estruturación e principios fundamentais. | CG13 CG14 CE6 CT3 |
| 4. Coñece a evolución histórica das teorías educativas, facendo especial fincapé no personalismo pedagóxico e nas teorías que fundamentan a educación actual. | CG13 CG14 CE6 CE29 CT1 CT3 |

Contidos

| Tema | |
|---|--|
| Bloque temático 1. O universo educativo: concepto de educación. Os escenarios educativos (Educación Formal, Non Formal e Informal). | 1.1. Concepto de educación: características xerais e diferenciadoras. 1.2. Clarificación terminolóxica. 1.3. Dimensións e piares da educación. 1.4. Os escenarios educativos: educación formal, non formal e informal. 1.5. Da escola tradicional ás escolas renovadas. |
| Bloque temático 2. Sistema educativo. Os axentes socioeducativos (educadores/as, estudantes, familia) e a súa evolución. | 2.1. O sistema educativo español. Análise histórico. LOGSE, LOCE, LOE, LOMCE. 2.2. A estrutura do sistema educativo actual. Ensinanzas obrigatorias e postobligatorias. A Educación Secundaria e o Bacharelato. A Formación Profesional. A Ensinanzas de Idiomas. 2.3. Institucións e axentes no sistema educativo. O rol do Estado e o rol das Comunidades Autónomas. Os centros educativos. Profesorado e alumnado. As familias. As asociacións escolares. |
| Bloque temático 3. Educación en Valores. | 3.1. Marco conceptual da Educación en Valores e Actitudes. Cara unha convivencia pacífica. 3.2. Metodoloxía e estratexias didácticas ante os valores e as actitudes. 3.3. Avaliación de valores e actitudes. 3.4. Actitudes do profesorado ante os valores controvertidos. 3.5. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia: contexto de actuación para a Educación en Valores e Actitudes. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Traballo tutelado | 8.5 | 0 | 8.5 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 0 | 60 | 60 |
| Lección maxistral | 8 | 0 | 8 |
| Exame de preguntas obxectivas | 1 | 10 | 11 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

| | |
|---|---|
| Traballo tutelado | O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Actividades na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma. |
| Lección maxistral | O profesorado presentará os núcleos temáticos fundamentais da materia. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Lección maxistral | Tras as exposicións dos contidos fundamentais da materia, darase resposta ás dudas xurdidas e/ou aclaracións de forma individualizada ou en pequenos grupos. |
| Traballo tutelado | Orientacións específica a cada estudante para o desenvolvemento das diferentes actividades de aula. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Atención personalizada en relación á elaboración dos diferentes exercicios e/ou problemas propostos. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|---|--|---------------|--|
| Resolución de problemas de forma autónoma | Traballos | 40 | CG7 CE3 CT1 CG9 CE6 CT3 CG13 CE8 CG14 CE9 CE29 CE30 |
| Lección maxistral | Asistencia e participación na aula | 20 | CG7 CE3 CT1 CG9 CE6 CT3 CG13 CE8 CG14 CE9 CE29 CE30 |
| Exame de preguntas obxectivas | Proba escrita con alternativas de resposta | 40 | CG7 CE3 CT1 CG9 CE6 CT3 CG13 CE8 CG14 CE9 CE29 CE30 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Este Master ten modalidade de ensinanza presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización dos traballos para a avaliación continua é obrigatoria. Esta asistencia debe ser, alomenos, do 80 %. Os prazos das entregas das actividades, traballos, etc. serán comunicados polo profesorado na clase; é necesario cumprilos para ser cualificados en avaliación continua.

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha proba de avaliación, sobre os contidos nucleares da materia, na data marcada no calendario do Master para os exames oficiais. Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e as súas características serán concretadas polo alumnado e o profesorado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Camps, V., **Creer en la educación**, Península, 1998
- Cortina, A. (Coord.), **La educación y los valores**, Biblioteca Nueva, 2009
- Carreras, L., **Cómo educar en valores**, 4ª, Narcea, 1997
- Colom, A. (Ed.), **Teorías e institucións contemporáneas de la educación**, Ariel, 1997
- Delors, J. (Coord.), **La educación encierra un tesoro. Informe a la UNESCO de la Comisión Internacional sobre la educación para el siglo XXI**, Santillana, 1996
- Palacios, J., **La cuestión escolar. Críticas y alternativas**, Laia, 1978
- Trilla, J. (Coord.), **El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI**, Graó, 2001

Bibliografía Complementaria

- Carrera, M.V., DePalma, R. & Lameiras, M., **Toward a more comprehensive understanding of bullying in school settings**, 2011

Carrera, M.V., Lameiras, M. & Cid, X.M., **Una pedagogía transgresora para la prevención del bullying en el aula**, Edições Afrontamento, 2011

Caride, J.A. (Coord.), **Los derechos humanos en la educación y la cultura**, HomoSapiens, 2009

Freire, P., **La educación como práctica de la libertad**, Siglo XXI, 1967

García, J.L., **La sociedad educadora**, Editorial Independiente, 2000

Jimeno, J., **La educación que aún es posible. Ensayos a cerca de la cultura para la educación**, Morata, 2005

Giroux, H., **Los profesores como intelectuales. Hacia una pedagogía crítica del aprendizaje**, Paidós, 1990

Illich, I., **La sociedad desescolarizada**, Barral, 1976

Morin, E., **Los siete saberes necesarios de la educación del futuro**, Unesco, 1999

VV.AA., **Pedagogías del Siglo XX**, 2000

Educación SXXI,

Revista de Educación,

Revista de Educación Social,

Revista Española de Pedagogía,

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ao espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

*Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

*Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

*Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

*Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

*Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

*Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual. Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

*Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

*Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

*Información adicional

Non hai.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas**

| | | | | |
|-----------------------|---|----------|-------|--------------|
| Materia | Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas | | | |
| Código | O02M066V06105 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensin de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 4 | OB | 1 | 1c |
| Lingua impartición | Galego | | | |
| Departamento | Didáctica, organización escolar e métodos de investigación | | | |
| Coordinador/a | Fernández Guerra, Ernesto | | | |
| Profesorado | Fernández Guerra, Ernesto | | | |
| Correo-e | efguerra@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://cocampo.webs.uvigo.es/ | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten a función de axudar ao alumnado a adquirir e desenvolver todo tipo de competencias que lle permitan exercer a orientación académica e profesional en centros de educación secundaria con coñecemento das bases legais que regulan a súa organización e funcionamento en Galicia, así como as claves conceptuais para comprender ambas as dimensións e desenvolverse adecuadamente no devandito contexto. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| CG3 | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinns, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| CG11 | Desenvolver as funcións de tutoría e orientación dos estudantes de maneira colexiada. |
| CG13 | Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino |
| CG14 | Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época. |
| CE1 | Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. |
| CE6 | Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. |
| CE7 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional. |
| CE9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| CE12 | Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar. |
| CE19 | Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo. |
| CE23 | Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo. |
| CE25 | Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade. |
| CE31 | Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica. |
| CT1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| CT3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias |

Resultados de aprendizaxe

| | |
|---------------------------|--------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
|---------------------------|--------------|

| | |
|--|--|
| 1. Coñecer as bases teórico-legais da orientación no sistema educativo | CE6 CE7 CE25 CT1 CT3 |
| 2. Comprender a relación existente entre os distintos modelos de orientación psicopedagóxica e o sistema educativo | CG13 CG14 CE1 CE6 CE31 CT1 |
| 3. Analizar criticamente o modelo institucional de orientación existente na Comunidade Autónoma de Galicia | CG13 CE25 CT1 |
| 4. Deseñar un Plan de Orientación Académica e Profesional para educación secundaria | CG3 CG11 CG13 CE7 CE9 CE12 CE19 CE23 CT1 |
| 5. Valorar a orientación educativa como un factor de importancia para a calidade da educación. | CE7 CE9 CE25 CE31 CT3 |

Contidos

| Tema | |
|--|---|
| 1. A orientación como actividade educativa | 1.1. Relación entre orientación e educación 1.2. A orientación no sistema educativo |
| 2. Principios e modelos de orientación | 2.1. Os principios de prevención, desenvolvemento e intervención no contexto. 2.2. Modelos teóricos, de intervención e institucionais |
| 3. Instrumentos e técnicas de orientación | 3.1. A relación entre modelo, técnica e instrumento 3.2. A observación sistemática, as probas psicopedagóxicas e a entrevista |
| 4. Organización e funcionamento dos servizos de orientación | 4.1. Os servizos internos: departamento de orientación e titorías. 4.2. Os servizos externos: equipos dun ámbito e especialidade determinada. |
| 5. A titoría como elemento da educación secundaria | 5.1. A titoría nos centros de secundaria: regulamentos 5.2. As funcións titoriais na educación secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia |
| 6. Principios de intervención psicoeducativa derivados dos enfoques sistémico e constructivista. | 6.1. Os principios de intervención psicoeducativa na lexislación actualmente vixente. 6.2. A intervención psicoeducativa como actividade do departamento de orientación e o equipo de orientación específico |
| 7. Elementos de deseño curricular e os proxectos de realización curricular | 7.1. Contidos de orientación académica e profesional como elementos do deseño e realización do currículo 7.2. Adecuación do currículo en función do diagnóstico psicopedagóxico. |
| 8. Fundamentación psicolóxica e pedagóxica do currículo | 8.1. Fundamentos psicolóxicos do currículo de secundaria e orientación académica e profesional. 8.2. Fundamentos pedagóxicos do currículo de secundaria e orientación académica e profesional. |
| 9. Plans e programas a desenvolver en educación | 9.1. O plan de orientación académica e profesional (POAP) na educación secundaria na lexislación vixente. 9.2. O plan de acción titorial (PAT) na educación secundaria actual. 9.3. O plan de atención á diversidade (PAD) 9.4. Plan de convivencia no centro (PC) |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 3 | 12 | 15 |
| Resolución de problemas | 4 | 10 | 14 |
| Estudo de casos | 3 | 6 | 9 |
| Traballo tutelado | 2 | 16 | 18 |

| | | | |
|---|---|----|----|
| Debate | 2 | 2 | 4 |
| Presentación | 3 | 10 | 13 |
| Traballo | 2 | 16 | 18 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 3 | 6 | 9 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|--|
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado. Resulta fundamental que as explicacións sirvan para axudar a comprender en termos legais e conceptuais o modelo institucional de orientación educativa e profesional que se acha vixente na Comunidade Autónoma de Galicia. |
| Resolución de problemas | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Empregarase como complemento da lección maxistral. Os problemas que poden propoñerse son os que normalmente se lle presentan aos departamentos de orientación dos centros con etapas de educación secundaria |
| Estudo de casos | Análise dun feito ou problema real relacionado coa orientación psicopedagóxica coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticarlo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Supón a aplicación dos conceptos teóricos e legais que se imparten na materia. |
| Traballo tutelado | Elaboración dun documento sobre orientación psicopedagóxica ou preparación de investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, videos, etc. Constitúe unha actividade autónoma do estudante que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción e exposición do resultado e que conta coa axuda e o seguemento do profesorado. Constitúe un elemento importante para a avaliación do alumnado e, xunto coa súa exposición, posúe un peso importante na súa cualificación |
| Debate | Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral... |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, problema, exercicio, proxecto ou estudo de caso, normalmente tutelados polo profesorado. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo e xunto coa elaboración e resultado do traballo como tal posúe un peso importante na cualificación do alumnado. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|---|
| Resolución de problemas | Nas clases e nas horas de titoría |
| Estudo de casos | Nas clases e nas horas de titoría |
| Traballo tutelado | Nas sesións de titoría ao efecto |
| Debate | Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral... |
| Probas | Descrición |
| Traballo | Nas clases e nas horas de titoría |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|-------------------------|--|---------------|--|
| Resolución de problemas | Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu. | 10 | CG3 CE7 CT1 CG11 CE31 CG13 |
| Traballo tutelado | O estudante elaborará algún programa que poida aplicarse na Educación Primaria e/ou secundaria. | 30 | CG11 CE9 CT3 CE23 CE25 CE31 |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. | 10 | CG13 CG14 CT1 CT3 |

| | | | | |
|----------|---|----|-------------|------------|
| Traballo | Realizar un plan de orientación académica e profesional tendo en conta os principios da orientación, os modelos teóricos, de intervención e institucionais vixentes para un centro educativo que indique o profesor da materia. | 50 | CG3 CG13 | CE7 CE9 |
|----------|---|----|-------------|------------|

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Quen non acreditase a través dos medios expostos a adquisición e desenvolvemento das competencias enumeradas no presente documento haberá de someterse a unha proba posterior de avaliación, con preguntas de resposta curta e longa (véxase puntos 2 e 3) e presentar os traballos correspondentes para a acreditación daquelas competencias non avaliadas a través de proba de exame.
2. A asistencia é obrigatoria, polo que quen perda máis dun 20% da mesma deberá realizar unha proba de exame con preguntas de desenvolvemento sobre os contidos da materia, que se xulgará conforme aos criterios de logro das competencias e obxectivos da mesma. Asemade deberá entregar os traballos que lle encomende o profesor para avaliar as competencias que non poidan ser avaliadas mediante proba escrita de exame.
3. A proba terá lugar nas datas e horas que se sinalen pola dirección do mestrado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CIDE, **Orientación educativa, fundamentos teóricos, modelos institucionales y nuevas perspectivas**, 1, Ministerio de Educación, Política Social y, 2009

Sobrado, L. y Ocampo, C., **Evaluación psicopedagógica y orientación educativa**, 3, Estel, 2000

Xunta de Galicia, **Orientación escolar e acción tutorial en Galicia**, 1, Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Orden, 2004

Bibliografía Complementaria

Graña, V., **Manual lexislativo do ensino non universitario galego**, 3, V. Graña editor, 2014

Sobrado, L., Fernández, E. y Rodicio, M. L. (coords.), **Orientación Educativa. Nuevas tendencias**, 1, Biblioteca Nueva, 2012

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/O02M066V06301

Traballo Fin de Máster/O02M066V06401

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular/O02M066V06106

Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/O02M066V06103

Orientación e Función Tutorial/O02M066V06101

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo *COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Mantéñense as mesmas metodoloxías adaptándoas aos medios telemáticos.

* Metodoloxías docentes que se modifican

- A lección maxistral achegase a información a través de faitic e o alumnado poderá consultar as dúbidas a través do/os medios que indique o profesor, que serán correo electrónico, videoconferencia e foros.

- A resolución de problemas farase, subindo os casos a faitic no apartado exercicios, o alumnado resolveraos e consultará as dúbidas a través de correo electrónico, videoconferencia e foros.

- Estudo de casos, levará a cabo o mesmo procedemento que na resolución de problemas.
- O traballo tutelado, o alumnado elaborará o traballo que previamente acorde co profesor e contará co asesoramento do profesor a través dos medios indicados anteriormente.
- O debate levaráse a cabo a través do foro de discusión que se abrirá en faitic.
- A presentación/exposición do traballo por parte do alumno farase mediante videoconferencia.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (*titorías)

As titorías faranse a través de correo electrónico, videoconferencia ou mesmo por teléfono. Previamente o alumnado acordará co profesor o momento no que se levará a cabo, en caso de facelo por videoconferencia ou teléfono.

* Modificacións (se proceden) dos contidos a impartir

Non hai modificacións.

* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Non hai modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Terán o mesmo peso que está establecido na guía.

* Probas pendentes que se manteñen

Mantéñense todas excepto o apartado de presentación, no caso de que non se poida facer a exposición do tema ou resultados do traballo de forma presencial, sumaráselle o 10% ó apartado de traballo tutelado pasando este a ter un peso dun 40%.

* Información adicional

No caso de que non poidan facerse as probas de forma presencial, faranse abrindo o exercicio exame en faitic á hora e data sinaladas pola dirección do máster e subirase a faitic á hora que o indique o profesor.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular**

| | | | | |
|--------------------|--|----------|-------|--------------|
| Materia | Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular | | | |
| Código | O02M066V06106 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 4 | OB | 1 | 1c |
| Lingua impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Didáctica, organización escolar e métodos de investigación Psicoloxía evolutiva e comunicación | | | |
| Coordinador/a | Rodríguez Rodríguez, Juan Luís | | | |
| Profesorado | Rodríguez Rodríguez, Juan Luís Sarmiento Campos, José Antonio | | | |
| Correo-e | juanluisrr@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es | | | |
| Descrición xeral | A través desta materia preténdese aproximar ao alumno aos modelos curriculares baseados en competencias, reflexionando sobre os cambios que se foron producindo nos sistemas educativos en torno ao enfoque de competencias. Desde este marco, analizarase a importancia da incorporación das competencias ao deseño curricular e a necesidade de adoptar diferentes estratexias para abordar o diagnóstico e a avaliación da competencia curricular nos centros educativos. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| CG13 | Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino |
| CE1 | Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. |
| CE2 | Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe. |
| CE3 | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| CE4 | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes. |
| CE9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| CE10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| CE11 | Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación. |
| CT1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |

Resultados de aprendizaxe

| | |
|--|----------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
| Determinar a natureza e sentido do diagnóstico e a avaliación en educación | CE1 CE4 CE10 |
| Definir as principais variables do diagnóstico e a avaliación en educación | CG13 CE1 CE2 CE11 |

| | |
|---|---|
| Precisar e utilizar axeitadamente a metodoloxía do coñecemento diagnóstico e avaliador en educación | CG13 CE1 CE3 CE4 CE9 CE10 CE11 CT1 |
| Identificar e valorar os condicionantes da calidade diagnóstica | CE3 |
| Determinar as características, aportacións e limitacións dos diferentes recursos do diagnóstico en educación, así como as diferentes técnicas e modelos de avaliación | CE1 CE3 CE4 CT1 |
| Utilizar axeitadamente os principais recursos do diagnóstico en educación en ámbitos de desenvolvemento cognitivo, social, emocional e curricular. | CG13 CE1 CE3 CE4 CE10 CE11 CT1 |
| Realizar estudos diagnósticos e avaliacións de calidade, así como os informes correspondentes | CG13 CE1 CE2 CE4 CE11 CT1 |

Contidos

| Tema | |
|--|---|
| Modelos e procesos de diagnóstico en escenarios orientadores | Métodos técnicos e instrumentos do diagnóstico Exploración de necesidades de Orientación e análise de variables persoais, situacionais e interactivas. Análise diagnóstica para a toma de decisións, paio e seguimento da Orientación |
| Avaliación da capacidade intelectual, das aptitudes básicas e doutras características persoais relacionadas cos procesos de ensino-aprendizaxe | Probas psicométricas |
| Avaliación das dificultades de aprendizaxe | Competencia lectora Automatización lectora Calidade de letra. Ortografía Dislexia: detección e pautas Competencia escrita Dificultades de aprendizaxe en matemáticas Correlatos socioemocionais das dificultades de aprendizaxe |
| Os informes diagnósticos | Elaboración e valoración nos procesos e logros educativos. Elaboración de informes psicoeducativos |
| Avaliación da competencia curricular | Probas estandarizadas Probas de elaboración propia |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 5 | 20 | 25 |
| Traballo tutelado | 5 | 20 | 25 |
| Seminario | 2.5 | 10 | 12.5 |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | 2.5 | 10 | 12.5 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 2.5 | 10 | 12.5 |
| Cartafol/dossier | 2.5 | 10 | 12.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------|--|
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |

| | |
|---|---|
| Traballo tutelado | Resolveranse exercicios na aula baixo a dirección do profesor. Desenvolveranse análises críticas. Lectura de textos. Elaboración de informes. Obradoiros e estudo de casos a través de técnicas grupales participativas. |
| Seminario | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral. |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Comprende a resolución de exercicios, traballos e debates sobre estes así como a súa exposición. Realízanse simulacións e análise crítico de materiais. Analízanse diferentes actividades e recursos de avaliación. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Documentación dos traballos realizados. Preparación das avaliacións |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Seminario | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados e o docente guía o proceso de resolución dos casos. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | O alumando resolve problemas de avaliación de forma autónoma e o docente guía na súa solución. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|----------------------------------|--|---------------|--|
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Resolución de exercicios. Debates Exposición dos traballos | 50 | CG13 CE1 CT1 CE2 CE3 CE4 CE9 CE10 CE11 |
| Cartafol/dossier | Presentación, estrutura, actualización documental, e entrega en prazo. | 50 | CG13 CE1 CT1 CE2 CE3 CE4 CE9 CE10 CE11 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para acadar unha **avaliación continua positiva**, dada a modalidade de ensino presencial do Master, esíxese a todo o alumnado unha asistencia presencial dun mínimo do 80% das sesións (admisible a falta do 20% das horas) ademais da realización e entrega de tarefas ponderables.

Os prazos de entrega das actividades, traballos, etc. serán comunicados o primeiro día de clase coa presentación do programa da materia. É necesario respetalos estritamente para ser cualificados na avaliación continua.

O alumnado que **non obteña unha avaliación continua positiva** sobre os parámetros expostos anteriormente, poderá presentarse a unha proba escrita (data marcada no calendario do mestrado para exames oficiais) sobre todos os contidos traballados. Esta proba estará baseada na riguroxidade e profundización dos coñecementos e competencias acadadas polos alumnos/as na materia. Constará de catro preguntas teórico-prácticas a desenvolver e terá una ponderación de 10 puntos (100% de la nota final).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Santana Vega, L. E., **Orientación educativa e intervención psicopedagóxica**, Pirámide, 2015

Ayala Flores, C.L., **Evaluación e informes psicopedagóxicos**, CEPE, 2001

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, **DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.**, 1998

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, **ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998**, 1998

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, **ORDE do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o proc**, 1996

Bibliografía Complementaria

Bellver Cebria, V. R., **Instrumentos para la evaluación psicopedagógica y psicológica en el marco escolar**, Promolibro, 2006

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións significativas nas metodoloxías no tres escenarios docentes previstos. A única adaptación resaltante, é a relativa ao seu modo de execución. Dentro do posible escenario de ensino mixto ou semipresencial, as metodoloxías levarían a cabo de modo presencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensino a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a unha modalidade de execución virtual.

* Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente, nas aulas e en cada un dos despachos dos docentes, tamén a través dos despachos virtuais de cada docente, por teléfono ou por email, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza.

No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

* Modificacións (se procede) dos contidos a impartir

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia, para cada tema.

* Outras modificacións

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Remoto, e preverase ao mesmo tempo o uso da plataforma de *teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

As probas de avaliación durante curso 2019-20 nesta materia, ata que se produza a situación de alarma por razóns sanitarias do Covid-19, foron realizadas segundo o establecido na guía docente ordinaria. A partir da implantación do estado de alarma, a avaliación realizouse de modo virtual (a través da plataforma *Moodle, de FAITIC, e do Campus remoto), sen modificar a tipoloxía das probas programadas, os criterios de avaliación, nin a ponderación destes na nota final.

*** Probas pendentes que se manteñen**

Todas as probas propostas na guía docente para as próximas convocatorias, mantéñense para o curso 2020-21, en calquera do tres modalidades de ensino previstas: presencial, mixta e a distancia.

Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantéñense, tanto para o alumnado asistente, como para o non asistente.

Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos.

Así, no caso de estar nunha situación de ensino mixto ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Si non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual, ou se realizarían exclusivamente de forma virtual.

Si a situación é de ensino a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

*** Probas que se modifican**

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación previamente programadas para curso 2019-20. A única modificación, como xa se mencionou no apartado anterior, podería darse con relación á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que leve a cabo a docencia.

*** Novas probas**

Non se prevén novas probas de avaliación.

*** Información adicional**

No caso de realizarse a docencia nun escenario virtual, a avaliación referente ás probas [Exame de preguntas obxectivas] e [Resolución de problemas e/ou exercicios], realizarase a través da plataforma Moodle. Mentres que, a realización e avaliación dos [traballos tutelados], e os [informes de prácticas, prácticum e prácticas externas], realizarase a través de FAITIC e do despacho e aulas virtuais.

DATOS IDENTIFICATIVOS**A Innovación e a Investigaición Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramento Escolar**

| | | | | |
|--------------------|---|----------|-------|--------------|
| Materia | A Innovación e a Investigaición Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramento Escolar | | | |
| Código | O02M066V06107 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 1 | 1c |
| Lingua impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Didáctica, organización escolar e métodos de investigación | | | |
| Coordinador/a | Ricoy Lorenzo, María Carmen | | | |
| Profesorado | Ricoy Lorenzo, María Carmen | | | |
| Correo-e | cricoy@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es | | | |
| Descrición xeral | El desarrollo de competencias y contenidos a través de esta materia tienen principalmente la finalidad de posibilitar la mejora de la calidad del asesoramiento prestado por el orientador/a al alumnado de secundaria y su apoyo al profesorado de las distintas disciplinas curriculares. Todo ello, con el objeto de optimizar la atención persoaliza y grupal al alumnado y de promover la innovación didáctica y los procesos de indagación y análisis sistemático que incentiven la renovación pedagógica en los centros. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| CG3 | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| CG4 | Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada. |
| CG12 | Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación |
| CG16 | Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación. |
| CG17 | Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional. |
| CE7 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional. |
| CE9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| CE12 | Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar. |
| CE13 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas. |
| CE14 | Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |
| CT1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| CT2 | Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións. |
| CT3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias |

Resultados de aprendizaxe

| | |
|---------------------------|--------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
|---------------------------|--------------|

| | |
|--|--|
| Planificar, desenvolver e avaliar procesos de orientación educativa, tanto individualmente como en colaboración con outros compañeiros-as. | CG3 CG12 CG16 CE7 CT1 CT3 |
| Ser capaz de buscar información en diversos soportes e de transformala para aplicala aos procesos de orientación e ensino, así como de comunicala. | CG4 CG17 CE7 CE13 CE14 CT1 CT2 |
| Ser capaz de avaliar, indagar e de promover a innovación relativa o departamento de orientación e difundilas na comunidade educativa e entre outros profesionais da educación. | CG12 CE7 CE9 CT1 CT3 |
| Ser capaz de traballar en equipo implicandose en cuestións relativas a orientación educativa. | CG16 CE14 CT3 |
| Ser capaz de identificar, analizar e deseñar boas prácticas de orientación. | CG3 CG12 CE14 CT1 CT2 |
| Identificar situacións problemáticas relativas ó proceso de aprendizaxe do alumnado e de propoñer alternativas ou solucións. | CG3 CG4 CE13 CT2 CT3 |
| Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas de investigación e avaliación en procesos de orientación educativa e familiar. | CG12 CE12 CT1 |
| Ser capaz de utilizar bibliografía e ferramentas dixitais para a procura e almacenamento de recursos bibliográficos, de diagnóstico e estratexías didácticas. | CG17 CE7 CT1 CT2 |

Contidos

| Tema | |
|---|--|
| Innovación educativa e desenvolvemento profesional. | <ul style="list-style-type: none"> - Marco teórico, profesional e legal da innovación educativa - Pautas para a elaboración dos proxectos de innovación educativa - O rol do orientador Na análise das prácticas educativas Na formación continua do profesorado No liderazgo educativo - Coñecemento de innovacións relevantes e actuais no ámbito da orientación |
| A investigación educativa | <ul style="list-style-type: none"> - Modalidades principais da investigación educativa. - A investigación-acción como instrumento de formación continúa e desenvolvemento profesional do docente - Deseño de proxectos de investigación - Instrumentos de recollida de datos e avaliación: tipos e características técnicas. - Técnicas de análise en investigación e avaliación educativa. - Coñecemento de investigacións relevantes no ámbito da orientación |
| As TICs como instrumento de apoio á orientación, innovación e investigación educativa | <ul style="list-style-type: none"> - As TIC e o desenvolvemento da investigación educativa para orientar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. - O uso de bases de datos como apoio á investigación e á innovación educativa. - Como citar e elaborar as referencias bibliográficas dos documentos científicos de tipo educativo, lexislación, informes, etc. en soporte impreso e electrónico. - Ferramentas Web para a comunicación a colaboración e/ou o traballo en equipo. - Aplicacións telemáticas e recursos web para a orientación. - Coñecemento de portais de orientación europeos. |

| Planificación | | | |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Lección maxistral | 9 | 25 | 34 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 12 | 16 | 28 |
| Prácticas con apoio das TIC | 6 | 21 | 27 |
| Traballo tutelado | 0 | 48 | 48 |
| Presentación | 3 | 10 | 13 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|---|--|
| | Descrición |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Actividade na que se resolverán diferentes situacións problemáticas relacionadas coa materia. O alumno/a aplicará procedementos para a transformación e interpretación da información. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral. |
| Prácticas con apoio das TIC | Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo, desenvolvidas en aulas de informática. |
| Traballo tutelado | O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción... |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. |

| Atención personalizada | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Prácticas con apoio das TIC | Atención personalizada ao alumnado a través de: asesoramento de modo presencial na aula; a través do teléfono; vía correo electrónico; Teleformación coa plataforma Faitic; etc. |
| Traballo tutelado | O profesorado ofrecerá apoio ao alumnado para a realización de pequenos traballos/actividades fundamentalmente de aula, orientarao e resolveralle dúbidas. |

| Avaliación | | | | | |
|---|---|---------------|------------------------|------------|-------------------|
| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas | | |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Valoración relativa a participación activa nas tarefas realizadas na aula e ao nivel acadado. Ata 2 puntos sobre 10 | 20 | | | |
| Prácticas con apoio das TIC | Valoración de deseños, de técnicas e recursos confeccionados. Ata 5 punto sobre 10. | 50 | CG12 | CE9 | CT1 CT2 CT3 |
| Traballo tutelado | Valoración do informe escrito resultado do traballo tutelado. Ata 2 puntos sobre 10. | 20 | CG3 | CE9 | CT1 CT2 CT3 |
| Presentación | Presentación e defensa oral e/ou informática de traballos realizados. Ata 1 puntos sobre 10. | 10 | CG4 | CE7 CE9 | CT1 CT2 CT3 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

OBSERVACIÓNS

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua deber realizar un exame escrito que recolla os contidos fundamentais da materia, cunha valoración de ata 7 puntos (sendo necesario acadar un mínimo de 3,5 pto para computalos cos obtido no traballo). Terá que levar a cabo un traballo que concretará e orientará a profesora, cunha valoración de ata 3 puntos (sendo necesario acadar un mínimo de 1,5 pto para computalos cos obtido no exame).

No caso de superar unha das probas da materia (traballo ou exame) conservarase a súa cualificación dentro do mesmo curso académico, pero na Acta académica figurará como non superada e colocarse a media resultante das puntuacións obtidas (atendendo previamente a súa respectiva ponderación).

Máis información sobre o proceso de avaliación así como sobre o tipo de exame, as orientacións para a realización do traballo, data de entrega, etc. será facilitada baixo demanda do alumnado que precise, ao non poder superar a materia por

avaliación contiu.

Na web do mestrado poden consultarse as datas do exame oficial: <http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Dawn, M., **Métodos visuales, narrativos y creativos en investigación cualitativa**, Narcea, 2017

Gallego Ortega, J. L. & Rodríguez Fuentes, A., **La alteridad en educación. Teoría e investigación**, Pirámide, 2016

Pérez-Fuentes, M. C., **Innovación docente e investigación en educación y Ciencias Sociales.**, Dykinson, 2019

Ricoy, M.C., **La construcción de los instrumentos de recogida de información en la investigación educativa**, 2009

Velaz-de-Medrano, C., Blanco-Blanco, A. & Manzano-Soto, N., **Cobertura de necesidades de orientación y tutoría en la Educación Obligatoria: estudio en nueve comunidades autónoma**, 2012

Bibliografía Complementaria

Hernández-Rivero, V. & Mederos-Santana, Y., **Papel del orientador/a educativo como asesor/a: funciones y estrategias de apoyo.**, 29(1), 40-57, REOP, 2018

Recomendacións

Materias que continúan o temario

A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación/O02M066V06253

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular/O02M066V06106

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario/O02M066V06102

Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/O02M066V06103

Orientación e Función Titorial/O02M066V06101

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

*Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas

*Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia das metodoloxías de ensinanza, agás o seu modo de execución, según o tipo de escenario

*Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

Realizarase a atención virtualmente.

*Modificacións (se procede) dos contenidos a impartir:

Non hai cambios nos contidos a impartir.

*Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionado ao longo do desenvolvemento da materia.

*Outras modificacións:

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

De ser el caso manteríanse

*Probas pendentes que se manteñen:

Manteríanse todas as probas, atendendo aos cambios que requiera un novo escenario.

*Probas que se modifican

Ningunha, agás o seu formato.

*Novas probas:

Ningunha agás o seu formato.

* Información adicional

Non hai.

DATOS IDENTIFICATIVOS**A Atención á Diversidade e a súa Intervención**

| | | | | |
|--------------------|--|----------------|------------|--------------------|
| Materia | A Atención á Diversidade e a súa Intervención | | | |
| Código | O02M066V06252 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS 4 | Carácter OB | Curso 1 | Cuadrimestre 2c |
| Lingua impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Psicoloxía evolutiva e comunicación | | | |
| Coordinador/a | Iglesias Sarmiento, Valentín | | | |
| Profesorado | Iglesias Sarmiento, Valentín | | | |
| Correo-e | visarmiento@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A realidade actual do sistema educativo implica a necesidade de atender e educar na diversidade, contribuíndo desde a equidade ao desenvolvemento de todos os estudantes, incluídos os que presentan dificultades na aprendizaxe derivadas de necesidades específicas de apoio educativo. Esta materia está pensada para axudar aos profesionais do ensino a identificar as principais necesidades educativas do alumnado e a desenvolver intervencións psicoeducativas co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| CG1 | Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente. |
| CG6 | Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes. |
| CE1 | Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. |
| CE2 | Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe. |
| CE4 | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes. |
| CE9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| CT1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
|--|---------------------------------|
| Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia, os procesos de avaliación e de orientación académica e profesional | CG1 CE1 CE2 CE9 CT1 |
| Utilizar os principios da educación inclusiva como eixo para o desenvolvemento da acción orientadora. | CG6 CE4 CE9 CT1 |
| Desenvolver e aplicar metodoloxías didácticas que favorezan a atención á diversidade do alumnado, adaptando a acción educativa ás súas diferentes características persoais e colectivas. | CG6 CE1 CE4 CT1 |

Adquirir as habilidades necesarias para identificar as necesidades educativas do alumnado e deseñar estratexias de intervención. CE1
CE4
CE9

Contidos

| Tema | |
|---|--|
| Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo | -NEE, alumnado estranxeiro, alumnado superdotado. Atención hospitalaria. -Adaptacións do currículo. Diversificación curricular. PCPI. Programas de mellora do rendemento. Formación Profesional Básica. Apoio e reforzo educativo. Agrupamentos flexibles, desdobres e agrupación de materias en ámbitos. Flexibilización para alumnado de altas capacidades. Programas de inmersión lingüística para emigrantes. Fontes de diversidade |
| Trastornos e dificultades no desenvolvemento e na aprendizaxe | -Consideracións xerais. -Trastornos psíquicos, físicos e sensoriais: características e repercusións na aprendizaxe. -Dificultades no desenvolvemento e na aprendizaxe: psicomotrices, cognitivas, da fala e a linguaxe, socioafectivas e condutuais. -Problemáticas socioculturais actuais e a súa repercusión na aprendizaxe. |
| -Propostas de atención á diversidade | -A educación inclusiva. -Intervención psicoeducativa pensada dende unha concepción inclusiva da educación para dar resposta á diversidade do alumnado. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 10 | 0 | 10 |
| Traballo tutelado | 7 | 40 | 47 |
| Foros de discusión | 2 | 10 | 12 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 1 | 30 | 31 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|--|
| Lección maxistral | Actividades expositivas do profesor acerca dos contidos básicos da materia. |
| Traballo tutelado | Resolución de exercicios na aula. Desenvolvemento de análises críticas. Elaboración de Informes. Talleres. Estudos de casos. |
| Foros de discusión | Resolución de dúbidas. Consultas e seguimento de traballos. Debates. Análise crítico de materiais. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Elaboración dun proxecto vinculado á atención á diversidade na aula |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Traballo tutelado | Realización de traballos en pequenos grupos tutelados polo profesor |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Desenvolvemento dun proxecto realizado polo alumno/a de forma individual |
| Foros de discusión | Participación e contribución do alumno/a ás dinámicas plantexadas. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|---|--|---------------|-------------------------------|
| Traballo tutelado | Tarefas reaizadas en pequenos grupos | 50 | CG6 CE1 CT1 CE2 CE4 |
| Foros de discusión | Contribución do alumno/a ás dinámicas da materia | 10 | CG1 CE1 CT1 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Desenvolvemento autónomo do proxecto | 40 | CG1 CE1 CT1 CG6 CE4 CE9 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia é necesario ter aprobadas todas as actividades propostas e asistir a un mínimo dun 80% das sesións. No caso de non superar a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na

convocatoria de xullo.

O alumnado que non siga a avaliación continua deberá realizar unha proba teórico-práctica e entregar un proxecto coas mesmas características que o alumnado presencial.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alegre, J.R. & Pérez, M., **Guía práctica de los trastornos del lenguaje: descripción e intervención**, Lebón, 2008

Cabrerizo, J. & Rubio, M.J., **Atención a la diversidad**, Pearson, 2007

Jiménez, J.E., **Modelo de respuesta a la intervención**, Pirámide, 2019

Santana, L., **Educación en secundaria**, Wolters Kluwer, 2013

Bibliografía Complementaria

Aierbe-Barnadiaran, A., **Intervención psicopedagógica en los trastornos del desarrollo**, Aljibe, 2005

Botías, A., Higuera, A.M. & Sánchez, **Necesidades Educativas Especiales: planteamientos prácticos**, Wolters Kluwer, 2011

Elices, J.A., **Alumnos con altas capacidades intelectuales: características, evaluación y respuesta educativa**, CEPE, 2013

García, J.M., Pérez, J. e Berrueto, P., **Discapacidad intelectual. Desarrollo, comunicación e intervención**, CEPE, 2002

Gil de Gómez, J., **Discapacidad sensorial: sordera, ceguera y sordoceguera**, Sanz y Torres, 2010

Latorre, A. & Bisetto, D., **Trastornos del desarrollo motor**, Pirámide, 2009

Mesibov, G. & Howley, M., **El acceso al currículo por alumnos con Trastornos del Espectro del Autismo**, Autismo Ávila, 2010

Miranda, A., **Manual práctico de TDAH**, Síntesis, 2011

Ripoll, J.C. & Yoldi, M., **Alumnos distraídos, inquietos e impulsivos. (TDA-H). Estrategias para atender su tratamiento educativo en Educación Primaria**, CEPE, 2009

Robles, M.A. & Sánchez-Teruel, D., **Evaluación e intervención en atención infantil temprana. Hallazgos recientes y casos prácticos**, Universidad de Jaén, 2011

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ao espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai.

DATOS IDENTIFICATIVOS**A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación**

| | | | | |
|--------------------|--|----------|-------|--------------|
| Materia | A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación | | | |
| Código | O02M066V06253 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 4 | OB | 1 | 2c |
| Lingua impartición | Galego | | | |
| Departamento | Didáctica, organización escolar e métodos de investigación Psicoloxía evolutiva e comunicación | | | |
| Coordinador/a | Barreira Arias, Alberto José | | | |
| Profesorado | Barreira Arias, Alberto José Puente Carracedo, Hipólito | | | |
| Correo-e | abarreira@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia <input type="checkbox"/> A convivencia nos centros de secundaria e o traballo desde o departamento de orientación<input type="checkbox"/>, está integrada no módulo específico do Máster Universitario para o Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.</p> <p>O contido desta materia pretende ser unha ferramenta eficaz, práctica e operativa para o estudante <input type="checkbox"/> futuro docente- ó tratar de responder a retos trascendentes que se dan habitualmente nos centros educativos e nas propias aulas. Dada a complexidade que se produce sobre a convivencia escolar é preciso dotar de recursos e asesorar aos docentes e demais persoal da comunidade educativa.</p> <p>O incremento dos problemas de conduta nas aulas, a detección de situacións de acoso e o deterioro do clima educativo nos centros escolares promoveu, nos últimos anos, unha importante corrente de traballo para a mellora da convivencia nos mesmos.</p> <p>Trataremos de formar nos fundamentos teóricos, legais e nos plans de actuación para a mellora da convivencia e a aprendizaxe escolar de cada comunidade e o coñecemento e formación para o desenvolvemento de propostas de intervención aplicadas a: mellora do sistema disciplinario (coa formación de equipos de mediación e tratamento de conflitos), xestión dos problemas da aula, optimización do proceso de ensino-aprendizaxe (a través da Aprendizaxe Cooperativa) e intervención individual (con actuacións específicas para situacións de acoso e victimización). Pretendemos que esta aprendizaxe potencie unha actitude colaborativa no ámbito da convivencia.</p> <p>Levarase a cabo un enfoque preventivo e promotor dun clima escolar enriquecedor e estimulante que facilite a adquisición de competencias e habilidades e a educación en valores.</p> <p>Esta asignatura pretende facilitar a reflexión e análise crítica sobre os procesos de interacción e convivencia na aula así como a aprendizaxe de técnicas e ferramentas de intervención psicosocial e titorial para o futuro docente.</p> | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| CG7 | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable. |
| CG8 | Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais. |

| | |
|------|---|
| CG9 | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos |
| CG10 | Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado. |
| CG15 | Informar e asesorar ás familias achega do proceso de ensino e aprendizaxe e sobre a orientación persoal, académica e profesional dos seus fillos. |
| CE1 | Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. |
| CE5 | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas. |
| CE8 | Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. |
| CE9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| CE10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| CE11 | Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación. |
| CE12 | Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar. |
| CE21 | Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes. |
| CE28 | Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización. |
| CE30 | Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia. |
| CT1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| CT3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinares |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|
| Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe favorecedores da convivencia escolar | CG7 CE9 CE10 CE30 CT1 CT3 |
| Informar e asesorar ás familias sobre diversas técnicas e estratexias favorecedoras da convivencia e da resolución pacífica de conflitos | CG15 CE12 CT1 |
| Coñecer as características dos estudantes, así como os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro que permitan a identificación e reflexión crítica sobre as situacións conflitivas, e a súa resolución. | CG9 CE1 CE5 CT1 CT3 |
| Coñecer e analizar diversos plans e proxectos relacionados coa convivencia escolar que forman parte do proxecto educativo de centro, participando na súa definición e desenvolvemento. | CG8 CG9 CE9 CT1 |
| Adquirir experiencia na planificación, desenvolvemento e avaliación de programas para a mellora da convivencia escolar. | CG8 CG9 CG10 CE28 CT3 |
| Adquirir e poñer en práctica diversas estratexias e habilidades que permitan unha intervención axeitada para a resolución de problemas de convivencia no contexto escolar: habilidades de pensamento e de decisión, habilidades sociais, dinámica de grupos, xestión democrática de normas, aprendizaxe cooperativo, mediación, negociación, educación emocional, educación en valores, etc | CG7 CG8 CG9 CG10 CG15 CE8 CE12 CE30 CT1 |
| Coñecer as características das familias e comprender a súa función educadora na adquisición de competencias e aprendizaxes para a resolución pacífica de situacións conflitivas | CG15 CE10 CE11 CT1 CT3 |

Deseñar e realizar actividades formais e non formais que favorezan a aprendizaxe e as aportacións dos estudantes, nun bó clima escolar.

CG7
CG8
CG9
CG10
CG15
CE21
CT3

Contidos

Tema

- 1.-Educación para a convivencia e a igualdade.
- 2.-Análise da convivencia e a resolución de conflitos
- 3.-Problemas de adaptación e convivencia escolar: Marxinación, absentismo, rexeitamento, inadaptación, violencia e acoso escolar, inmigración e interculturalidade,etc.
- 4.-Dinámica do grupo clase
- 5.-Socialización e educación.
- 6.-As relacións sociais no grupo clase, conduta prosocial e habilidades sociais.
- 7.- Competencia emocional e social
- 8.-O traballo cooperativo e a interacción social. Técnicas de análises e dinamización grupal.
- 9.-O papel da familia en educación. Colaboración coas familias de Educación secundaria.
- 10.-Relación con outras institucións: servizos de saúde, servizos sociais.

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|----------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Traballo tutelado | 5 | 10 | 15 |
| Presentación | 2 | 4 | 6 |
| Foros de discusión | 0 | 5 | 5 |
| Lección maxistral | 10 | 20 | 30 |
| Seminario | 2 | 0 | 2 |
| Actividades introductorias | 1 | 0 | 1 |
| Traballo | 0 | 41 | 41 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|----------------------------|---|
| Traballo tutelado | O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante. |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo demaneira individual ou en grupo. |
| Foros de discusión | Actividade desenvolvida nun medio virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricase/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |
| Seminario | Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Actividades introductorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------|------------|
| Traballo tutelado | |
| Seminario | |
| Probas | Descrición |
| Traballo | |

| Avaliación | | | | |
|--------------------|---|---------------|---|------------|
| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas | |
| Traballo tutelado | O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante. | 30 | CE5 CE8 CE9 CE10 CE11 CE12 CE21 CE28 CE30 | CT1 CT3 |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. | 10 | CE5 CE8 CE9 CE10 CE11 CE12 CE21 CE28 CE30 | CT1 CT3 |
| Foros de discusión | Actividade desenvolvida nun medio virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional. | 10 | CE5 CE8 CE9 CE10 CE11 CE12 CE21 CE28 CE30 | CT1 CT3 |
| Traballo | O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita | 50 | CE5 CE8 CE9 CE10 CE11 CE12 CE21 CE28 CE30 | CT1 CT3 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Para acadar unha avaliación continua positiva, dada a modalidade de ensino presencial do Master, esíxese a todo o alumnado unha asistencia presencial dun mínimo do 80% das sesións (admisible a falta do 20% das horas) ademais da realización e entrega de tarefas ponderables.
- Os prazos de entrega das actividades, traballos, etc. serán comunicados na clase no momento oportuno. É necesario respetalos estrictamente para ser cualificados na avaliación continua.
- O alumnado que non obteña unha avaliación continua positiva sobre os parámetros expostos anteriormente, poderán presentarse a unha proba escrita (data marcada no calendario do mestrado para exames oficiais) sobre todos os contidos traballados. Esta proba estará baseada na rigurosidade e profundización dos coñecementos e competencias acadadas polos alumnos/as na materia e terá una ponderación de 10 puntos (100% da nota final).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Aguado, M.J., **Prevención de la violencia y lucha contra la exclusión social desde la adolescencia**, Injuve, 2004
- Aguado, M.J., **Del acoso escolar a la cooperación en las aulas**, Pearson, 2006
- Ainscow, M., **Hacia las escuelas eficaces para todos**, Narcea, 2001
- Alcántara, J.A., **Cómo educar la autoestima**, CEAC, 1995
- Alonso Tapia, J., **Motivar para el aprendizaje**, Edebé, 1997
- Armas, M., **Prevención e intervención ante problemas de conducta**, Wolters Kluwer, 2007
- Avilés, J.M., **Bullyng: El maltrato entre iguales. Agresores, víctimas y testigos en la escuela**, Amarú, 2006
- Beane, A., **Bullyng. Aulas libres de acoso**, Graó, 2006
- Bisquerra, R., **Educación emocional y bienestar**, Cisspraxis, 2005
- Boqué, C., **Tiempo de mediación. Taller de formación de mediadores en el ámbito educativo**, CEAC, 2005
- Calvo Rodríguez, A., **Problemas de convivencia en los centros educativos**, EOS, 2003
- Casamayor, G (Coord.), **Cómo dar respuesta a los conflictos. La disciplina en la enseñanza secundaria**, Graó, 1998
- Cava, M.J. y Musitu, G., **La potenciación de la autoestima en la escuela**, Paidós, 2000

- Cava, M.J. y Musitu, G., **La convivencia en la escuela**, Paidós, 2002
- Consellería de educación, **Plan de convivencia do centro**, Xunta de Galicia, 2007
- Consellería de Educación, **Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso**, Xunta de Galicia, 2013
- Fernández, I., **Prevención de la violencia y resolución de conflictos. El clima escolar como factor de calidad**, Narcea, 1998
- Fernández, I., **Guía para la convivencia en el aula**, Cisspraxis, 2001
- Fiorenza, A., **Niños y adolescentes difíciles**, RBA-Integral, 2003
- Franco, V., **La autoestima del profesorado**, PPC, 2002
- Gallego, D. y Gallego, M.J., **Educar la inteligencia emocional en el aula**, PPC, 2004
- Gentil, C. y Laa, V., **La astucia social**, Alianza, 2000
- Gotzens, C., **La disciplina escolar**, ICE-HORSORI, 1997
- Jares, J., **Pedagogía de la convivencia**, Graó, 2006
- Machargo Salvador, J., **Programa de actividades para el desarrollo de la autoestima**, Escuela Española (Ed. Secundaria y Bachillerato), 1997
- Martínez, M. y Tey, A.(coord.), **La convivencia en los centros de secundaria. Estrategias para abordar el conflicto**, Desclee, 2003
- Moraleda, M., **Educación en competencia social**, CCS, 1999
- Moreno, J.C. y Luengo, F. (Coord.), **Construir ciudadanía y prevenir conflictos**, Wolters Kluwer, 2007
- Nardone, N., Giannotti, E. y Rocchi, R., **Modelos de familia. Conocer y resolver los problemas entre padres e hijos**, Herder, 2003
- Olweus, D., **Conductas de acoso y amenaza entre escolares**, Morata, 1998
- Ortega, R. y Del Rey, R., **La violencia escolar. Estrategias de prevención**, Graó, 2003
- Puente Carracedo, H., **A autoestima no ensino-unha resposta práctica ó fracaso escolar-**, Nosa Terra, 2003
- Redorta, J., Obiols, M. y Bisquerra, R., **Emoción y conflicto**, Paidós, 2006
- Roca, E., **Cómo mejorar tus habilidades sociales. Programa de autoestima, asertividad e inteligencia emocional**, ACDE, 2005
- Segura Morales, M., **ser persona y relacionarse. Habilidades cognitivas y sociales, y crecimiento moral**, Narcea, 2002
- Torrego, J.(coord.), **Mediación de conflictos en Instituciones Educativas: Manual para la formación de mediadores.**, Narcea, 2000
- Torrego, J. (coord.), **Modelo integrado de mejora de la convivencia**, Graó, 2006
- Urra, J., **El pequeño dictador. Cuando los padres son las víctimas**, La esfera de los libros, 2006
- Bibliografía Complementaria**
- Díaz Aguado, M.J., **Convivencia escolar y prevención de la violencia**, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 2003
- Faber, A. y Mazlish, E., **Cómo hablar para que sus hijos estudien en casa y en el colegio**, Medici, 2002
- Fernández, I., **Prevención de la violencia y resolución de conflictos: el clima escolar como factor de calidad**, Narcea, 1998
- Jares, J., **Construir la paz**, Xerais, 1996
- Martínez, J. B., **La ciudadanía se convierte en competencia avances y retrocesos. En Gimeno J. y otros. Las competencias: ¿Qué hay de nuevo?**, Morata, 2008
- Ortega, R., **La convivencia: un modelo para de prevención de la violencia. En Moreno, A. (Eds.), La convivencia en las aulas: problemas y soluciones (p. 29-48) [Volumen de las Intervenciones del Congreso]**, Ministerio de Educación y Ciencia, 2006
- Ortega, R., **Las aulas de educación secundaria como espacio de convivencia y aprendizaje: relaciones interpersonales y gestión del grupo-clase. En Coll, C. (Coord.) Desarrollo, aprendizaje y enseñanza en la educac**, Ministerio de educación / Graó, 2010
- Peréz de Guzman, M^a. V. y Pérez Serrano, G., **Aprender a convivir. El conflicto como oportunidad de crecimiento**, Narcea, 2011
- Salanova, M., Grau, R., Llorens, S. y Schaufeli, W.B., **Exposición a las tecnologías de la información, burnout y engagement: el rol modulador de la autoeficacia relacionada con la tecnología.**, Vol.11, Revista de Psicología Social Aplicada, 69-90, 2001
- Schaufeli, W.B., Salanova, M., Gonzalez-Roma, V. y Bakker, A., **The measurement of burnout and engagement: A confirmatory factor analytic approach**, Vol.3, Journal of Happiness Studies, 71-92., 2002
- Torrego, J. (coord.), **Resolución de conflictos desde la acción tutorial**, Consejería de educación. Comunidad de Madrid., 2003
- Torrego, J., **La formación del profesorado ante los retos de la promoción de la convivencia y la prevención de la violencia escolar. En Moreno, A. (Eds.), La convivencia en las aulas: problemas y soluciones (pp. 40**, Ministerio de Educación y Ciencia, 2006
- Torrego, J. y Moreno, J., **Convivencia y disciplina en la escuela: el aprendizaje de la democracia.**, Alianza Editorial, 2007
- Trianes, V y Fernández-Figares, C., **Aprender a ser personas y a convivir**, Desclee, 2001
- Vaello, J., **Resolución de conflictos en el aula.**, Santillana, 2003
- Vaello, J., **Las habilidades sociales en el aula**, Santillana, 2005
- Vaello, J., **Cómo dar clase a los que no quieren**, Santillana, 2007

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

